
PANTHERA TIGRIS

Texto de SYLVAIN ALZIAL

Ilustracións de HÉLÈNE RAJCAK

Tradución de TAMARA ANDRÉS

Encadernado en cartón. 21,3 x 27,5 cm. 32 páx. 17 €

[Panthera Tigris](#) (galego)

ISBN 978-84-19213-53-2. Ciencia.

[Panthera Tigris](#) (castelán)

ISBN 978-84-19213-54-9. Ciencia.

[Panthera Tigris](#) (català)

ISBN 978-84-18558-97-9. Ciència.

Había unha vez un señor que sabía moitas cousas.

Era un homiño de barba branca e chapeu negro


que sempre levaba con el un libro enorme cheo de datos.

Pasaba todo o día a ler e a súa sabedoría non tiña fin...

O coñecemento da realidade que se adquire a través da experiencia é tan importante como a sabedoría que proporcionan os libros. É a principal lección que recibe o vello erudito que protagoniza «Panthera tigris», unha historia contemporánea con aparencia de conto antigo que combina ficción e información, humor e aventura.

Tras documentarse a fondo sobre os tigres de Bengala, decide viaxar á selva india para, coa axuda dun mozo da rexión, atopar o feroz animal. Durante a expedición, por máis que o seu acompañante intenta advertilo, é interrompido pola verborrea do profesor alardeando do aprendido sobre esta especie. Ante a aparición da besta, a oportuna reacción do experto guía nada ten que ver coa do torpe visitante, incapaz de aplicar cantos estudos acumulara. Porque, abofé, a formación teórica non garante ser un verdadeiro especialista nunha materia...

O texto de Sylvain Alzial, baseado nas ensinanzas do mestre bengalí Swami Prajnanpad (1891-1974), vai intensificándose en emoción, ironía e diversión a medida que avanza o relato. As ilustracións de Hélène Rajcak contribúen a ese xogo entre teoría —con detallistas láminas en branco e negro ao estilo dos gravados científicos— e práctica —con imaxes dunha xungla mesta, misteriosa e de cores flúor— nas que sobresa a presenza imponente e ameazante do tigre desafiando, co seu dinamismo, os límites do propio libro.



- **Temática:** coñecemento teórico vs. experiencia práctica.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** animais salvaxes, xungla, selva, natureza; ciencia, método científico, coñecemento, sabedoría, erudición, curiosidade, experiencia vital; viaxes, aventuras; relato informativo, humor; cultura e tradición hindú.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/panthera-tigris-g>

Sylvain Alzial

(Mónaco, 1963)

Documentalista, produtor musical e escritor, especialista en cultura tradicional. Tras estudar musicoloxía, dedicouse a producir documentais e programas sobre músicas de raíz para France Culture, France Inter e France Musique, canles da radio pública nacional francesa, con sede en París, cidade na que vive e traballa. Como autor de literatura infantil, o seu primeiro libro publicouse en 2013. Dende entón ten colaborado con varias editoriais deste país. Unha gran parte das súas obras inspíranse en contos populares e folclore de todo o mundo.

Hélène Rajcak

(París, 1981)

Toda a súa formación académica desenvolveuse en París: estudou gravado na Escola Estienne, ilustración na Escola Nacional Superior de Artes Decorativas e deseño téxtil no Taller Nacional de Arte Téxtil. A súa obra como ilustradora publicouse en varios xornais e editoriais francesas de literatura infantil. Destacan as súas exposicións de proxectos persoais de debuxo, pintura e gravado.